



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TASA POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDAS

PUBLICACIÓN

✓ BOPPO 29 decembro 2008, nº 250 [páx. 18]

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Oia establece a Taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación de vivendas e locais, a que se refire o artigo 20.4 h) do propio Real Decreto Lexislativo, con normas que atenden ó previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2.- FEITO IMPONIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUIR

1. O feito impositivo ven determinado pola actividade municipal desenvolada para a prestación de licenza de primeira ocupación de vivendas nos edificios de nova construción, cambio de uso do construído, a súa reconstrución ou reforma.
2. O carácter obrigatorio desta licenza se deriva do establecido na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia.
3. Se devenga a taxa e nace a obriga de contribuír cando se solicite a prestación do servizo ou cando, aínda sen previa solicitude se motive a actuación da administración municipal con esta finalidade.

ARTIGO 3.- OBRIGADO TRIBUTARIO

1. É obrigado tributario en calidade de contribuínte a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten a prestación do servizo e os propietarios das vivendas que, aínda sen previa solicitude, motiven a actuación administrativa que constitúe o feito impositivo.



2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que determina o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os establecidos en normas con rango de lei e os que se deriven da aplicación de tratados internacionais.

ARTIGO 5.- BASE IMPOÑIBLE

Se tomará como base imponible o valor da vivenda ou edificio, obxecto da actuación dirixida ó outorgamento da licenza, tomándose como valor o presuposto de execución material da vivenda ou edificio.

ARTIGO 6.- TARIFAS

1. O tipo a aplicar se determinará de acordo coa seguinte escala:

TIPO:

Ata 60.101,21 euros de base imponible 0,25% do presuposto de execución material.

- De 60.101,22 a 90.151,82 euros de base 0,30% do presuposto de execución material.
- De 90.151,83 a 120.202,42 euros de base 0,40% do presuposto de execución material.
- De 120.202,43 euros de base en adiante 0,50% do presuposto de execución material.

Tarifa mínima. Con carácter mínimo, e sempre que da aplicación da escala resulte unha contía inferior, se percibirán 50,00 €.

Tarifa máxima. Como cota máxima que pode resultar da aplicación desta tarifa, se percibirán 282,00 €.

ARTÍCULO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1. Os propietarios dos edificios ou vivendas de nova construción, dos edificios ou vivendas que se reformen e os que modifiquen o uso da construción, unha vez



concluídas as obras deberán dar conta de tal circunstancia presentando a licenza urbanística que no seu día autorizara tales obras, se a súa obtención era preceptiva. Cumprido dito trámite ou simultaneamente solicitarán a licenza de primeira ocupación. Se non se solicitara, o Concello, unha vez que teña coñecemento da terminación das obras ou cambios de uso de locais, requirirá ó suxeito pasivo para que a solicite, sen prexuízo de impoñer as sancións ou de adoptar as medidas que sexan procedentes.

Os servizos técnicos do concello practicarán os recoñecementos oportunos, comprobando que a actuación se axustou á licenza concedida para a súa execución e que as vivendas contan cos servizos necesarios para a súa primeira utilización conforme ó destino determinado en aquela licenza.

2. Esixirase o depósito previo da taxa como requisito indispensable sen o que non se tramitará a solicitude. Cando así se determine, os suxeitos pasivos realizarán as operacións de autoliquidación provisional da taxa.
3. Simultaneamente coa concesión da licenza, se aprobará definitivamente a liquidación provisional practicada, se procede, efectuando as liquidacións complementarias que sexan necesarias ou reintegrando ó suxeito pasivo as cantidades que resulten ó seu favor, seguindo o procedemento establecido para as devolucións de ingresos indebidos.

ARTIGO 8.- INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación das infraccións e a súa sanción, se estará ó disposto nos artigos 178 e ss. da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, que consta de oito artigos e unha disposición final, foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 6 de novembro de 2008, e producirá efectos desde o día seguinte ó da súa publicación no BOP e se aplicará en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

En Oia , a 18 de decembro de 2008.-

O Alcalde, Alejandro Rodríguez Rodríguez.